

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 1 DE SETEMBRO DE 2021.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día un de setembro de 2021, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa Presidenta, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e a Interventora Xeral Municipal accidental, dona María Baza Poudereux, as cales foron convocadas para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

**1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Aprobáronse as seguintes contratacións:

- Da obra de mantemento e mellora de camiños no Burgo, Galegos e Bascuas (Expediente Ref. 2021/C002/000033). Adjudicación.

- Do servizo de mantemento, conservación e reparacións das instalacións, infraestruturas e construcións rurais singulares e patrimoniais no ámbito rural do Concello de Lugo (Exp. Ref. 2020/C003/000023). Prórroga do contrato dende o 1/9/2021 ata o 31/8/2022.

- Da obra "Mellora do firme da estrada municipal de Conturiz a Cardoso. Parroquia de Santo André de Castro e San Mamede dos Anxos". Obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación. (Expte. Ref: 2021/C002/000037). Adjudicación.

- Da obra "Mellora do firme da estrada municipal da N-540 á estrada de Bazar e de N-540 ao núcleo de O Corral de Abaixo. Parroquia de Calde". (Obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021). Expte. Ref: 2021-C002-000038. Adjudicación.

- Da obra "Mellora do firme da estrada municipal da LU-P-2901 á Igrexa de San Pedro de Mera. Parroquia de San Pedro de Mera". (Obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021). Expte. Ref: 2021-C002-000039. Adjudicación.

- Dun sistema de seguridade perimetral no Concello de Lugo no marco da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado DUSI MURAMIÑAE: DA MURALLA AO MIÑO; CP:16DUSI001. Incluído no programa operativo FEDER orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro con financiamento do 80%. Expte. Ref.2021-C004-000010. Adjudicación.

## ACTAS E GOBERNO

MGF/cal

Refª: ispac2845132515561223563.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 1-9-2021

Aprobouse o procedemento de licitación para o alleamento de vehículos municipais declarados efectos non utilizables (lote 1) así como a venda de vehículos retirados da vía pública, sitos no depósito municipal (lote 2). Expte. Ref. 2021-C005-000027. Adxudicación do lote 2.

Aprobouse a prórroga do contrato administrativo correspondente á contratación do Servizo de Prevención alleo nas especialidades técnicas: Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial, Ergonomía e Psicosocioloxía aplicada, así como da Vixilancia da Saúde. Expdte Ref: 2019-012. (Tecol 2021/C003/000029) primeira prórroga do contrato dende o 06-09-2021 ata o 05-09-2022.

Aprobáronse as seguintes contratacións:

- Do Servizo de mantemento e conservacións dos C.E.I.P e Escolas Infantís Municipais. Exp. Ref. 2020/C003/000015. Prórroga do contrato dende o 26-8-21 ata 25-8-22.

- Da obra "Humanización da rúa Lamas de Prado". Aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado. Apertura do procedemento de adxudicación. Expte. Ref. 2021-C002-000046.

- Da obra de "Mellora do firme da estrada municipal da N-640 (estrada de Meira) A Pedreda. Parroquia de Pedreda". (Obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021). Exp. Ref. 2021-C002-000036. Adxudicación.

- Da obra de "Mellora do firme da estrada municipal da Igrexa de Camoira ao núcleo de Maira. Parroquia de Camoira". (Obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021). Expte. Ref. 2021-C002-000034. Adxudicación.

- Da obra de "Mellora do firme da estrada municipal dende O Vilardón ó límite municipal co Concello de Outeiro de Rei. Parroquia de Tirimol". (Obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021). Expte. Ref. 2021-C002-000035. Adxudicación.

### ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Aprobáronse as seguintes licenzas: para modificación de nave de planta baixa, actualmente en construción, quedando dividida en tres módulos (A, B e C) de uso industrial sen actividade definida, coa licenza urbanística número 2019/Y001/000028, sita na rúa Antonio Eleizegui López, número 10, Vial E, parcela O.1.4, do Parque Empresarial das Gándaras; para construír unha planta alta e modificación de nave actualmente en construción, quedando formada por planta baixa e unha planta alta e dividada en tres módulos (A, B e C) de uso industrial sen actividade definida, coa licenza urbanística número 2019/Y001/000027, sita na rúa Antonio Eleizegui López, número 12, vial E, parcela O.1.5, do Parque Empresarial das Gándaras e para obras de conservación e mantemento das construcións auxiliares existentes anexas á vivenda unifamiliar sita na rúa Flor de Lis, número 16.

### **ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL**

**3. XUVENTUDE.-** Aprobáronse as bases xerais reguladoras para a concesión de subvencións ás asociacións xuvenís e de recreación histórica e persoas xurídico privadas sen ánimo de lucro, que desenvolven a súa actividade no eido da xuventude (Área de Cohesión e Dinamización Social) e para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral e sectorial, de difusión, recuperación e recreación histórica da Cidade de Lugo e para o mantemento, conservación e pequenas reparacións das infraestruturas nas que se levan a cabo estes programas e actividades-Exercicio 2021.

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**